

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DEPO EN MARCHA 2023

Bases reguladoras do programa “Depo en marcha” 2023

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 50 anos, xubiladas e pensionistas, no ámbito da educación non reglada, a través de distintos obradoiros, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo.

Nesta liña, no capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.

Entre estes principios recóllese de xeito expreso que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores, e que favorezan a socialización, as actividades interxeneracionais e os servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias; así, no artigo 22 desta lei, dispónse que as administracións públicas fomentarán a participación das persoas maiores en actividades formativas específicas para un envellecemento activo.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “Depo en marcha” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situacións de soidade non desexadas.

Este programa, cun grande arraigo na provincia de Pontevedra desde a súa posta en marcha na década dos noventa, promove a participación en cada edición de preto de 200 entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia, a través das cales as persoas maiores de 50 anos realizan cada edición obradoiros temáticos para favorecer a participación e a cooperación social coma Aprendendo da Natureza, Móvete, Activando Corpo e Mente, Enredando, Dálle Marcha e En Rede.

Desta maneira, mediante esta convocatoria ofertaranse 130 obradoiros, cun número máximo de 25 persoas participantes por cada un deles, o que supón a participación de máis de 3.000 persoas.



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Segundo o anterior, a Deputación acorda convocar unha nova edición do programa “Depo en marcha” 2023, consonte as seguintes

B A S E S

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria do ano 2023 do programa “Depo en marcha”, na que se ofertan 130 obradoiros dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos nesta convocatoria, e establécense as condicións de participación nela.

Segunda. Orzamento e financiamento

A contía consignada para este programa é de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceira. Entidades beneficiarias e requisitos para a participación

3.1. Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra
- Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados
- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores
- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos

3.2. As entidades beneficiarias non deberán estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

3.3. Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública.

Cuarta. Condicións do programa

4.1. Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que para levalo a cabo a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición, e que hai un número mínimo de 15 persoas inscritas.

4.2. Só se poderá conceder un obradoiro por entidade.

4.3. As temáticas, os obradoiros e o número de prazas ofertadas recóllense no anexo I, Catálogo de obradoiros.

4.4. Cada obradoiro terá un custo de sete (7) euros por participante.

4.5. Os obradoiros terán unha duración de trinta (30) horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que o obradoiro se imparta durante un ou varios días á semana ata completar o número de horas; a data límite para a súa realización será o 31 de decembro de 2023.

De non acadar o mínimo de quince (15) persoas participantes, antes de anular a actividade formativa, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación co fin de cambiar a da data de inicio ata acadar o número mínimo de persoas inscritas ou ben cambiar a temática elixida.

4.6. En caso de que as persoas socias non cubran todas as prazas ofertadas, a entidade solicitante deberá aceptar as persoas non socias que previamente solicitasen participar no obradoiro correspondente. Para estes efectos, as persoas non socias deberán contactar directamente coas entidades para poder anotarse ao obradoiro que lles interese.



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

4.7. As obrigas das entidades participantes son as seguintes:

- Proporcionar un espazo ou unha aula que conte coas características adecuadas para o seu desenvolvemento. Se o local non reúne os requisitos mínimos esixidos e non existe aula alternativa, non se poderá realizar a actividade. Neste caso a entidade poderá solicitar calquera outro obradoiro cuxo contido se adecúe ás condicións da aula ou local do que dispoña.
- Informar o alumnado do material que deberá levar, especificado no catálogo para cada obradoiro. De ser preciso, achegarán o material de prevención esixido na normativa sanitaria vixente.

4.8. Unha vez concedido o obradoiro, a entidade solicitante terá a obriga de enviarlle a relación definitiva de participantes á empresa adxudicataria mediante o modelo anexo IV, a través do enderezo de correo electrónico que esta habilite para estes efectos ou de calquera outro medio que permita deixar constancia da súa recepción, cunha antelación mínima de dez (10) días hábiles antes do comezo da actividade.

Na relación deberán figurar polo menos os nomes e os apelidos das persoas asistentes, o seu NIF, a súa idade e o número de teléfono de contacto de cada unha delas.

Quinta. Forma e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para presentar as solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla o uso de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

Do 14 de febreiro ao 14 de marzo de 2023

O prazo de presentación de solicitudes é de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao quinto día hábil da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Sétima. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante
- NIF da persoa representante da entidade solicitante
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Oitava. Documentación

As entidades interesadas deberán presentar xunto coa solicitude:

- A acreditación da representación da persoa representante da asociación, só no caso de non empregar o certificado cualificado de representante. Neste caso, deberán achegarse os estatutos da entidade ou a copia íntegra da acta de constitución ou renovación da xunta directiva na que conste a relación dos seus membros.

A documentación complementaria presentarase obrigatoriamente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou co fin de ser recollidos pola propia Administración.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que presente ou, no seu defecto, acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas nos termos establecidos nos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e coas especificacións previstas nos artigos 41 a 45 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

Décima. Publicacións de actos

De conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra a relación provisional de entidades admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas.

Unha vez publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este prazo, publicarase a listaxe definitiva de entidades admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e a emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite.

Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo segunda. Obrigas das entidades e das persoas participantes

12.1 . A entidade solicitante autorizará a institución provincial a publicar os datos de contacto e o lugar no que se levará a cabo o obradoiro, co fin de que as persoas que non sexan socias poidan contactar con ela en caso de estaren interesadas.

Así mesmo, as entidades participantes autorizarán a obtención de imaxes das instalacións onde se levará a cabo o obradoiro escollido para verificar que estas reúnen as condicións óptimas para o correcto desenvolvemento da acción formativa.



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

12.2. As persoas participantes deberán levar os materiais recollidos no catálogo baixo o epígrafe “Materiais que levará o alumnado”, polo que é importante, á hora de elixir, ter en conta os materiais necesarios.

12.3. As persoas participantes deberán asinar no primeiro día do curso a recepción do material que ten que proporcionarlles a empresa, que tamén se especifica no catálogo.

12.4. As entidades participantes no programa só exixirán o pagamento de sete (7) euros por persoa como custo da actividade formativa.

En caso de solicitar unha cantidade maior, a entidade será sancionada e non poderá participar na seguinte edición, sen prexuízo das responsabilidades que legalmente lle puidesen corresponder.

A cantidade aboada en concepto de cota polas persoas participantes só se reintegrará no suposto de que exista un motivo debidamente xustificado e documentado que lle impida asistir á actividade.

No día de inicio de cada actividade formativa a persoa responsable ou representante da empresa adxudicataria encargarse de recoller a cota de sete (7) euros de cada participante, salvo que ambas as partes acordasen outro medio para facer efectivo o pagamento, que pode ser transferencia bancaria, cheque bancario ou calquera outro medio admitido en dereito, sempre que se deixe constancia do número de persoas que fan o pagamento en cada un dos obradoiros.

12.5. As persoas participantes poderán autorizar voluntariamente a cesión dos seus dereitos de imaxe para permitir a toma de fotos durante a execución dos obradoiros para difundir e promover o programa.

12.6. Unha vez finalizada a acción formativa, a cada participante entregaráselle un diploma acreditativo da formación recibida, sempre que se cumpran os requisitos de asistencia —non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % das faltas xustificadas— e presenten o NIF ou o NIE. En caso contrario, non terán dereito á emisión do correspondente diploma.

Os diplomas poderán entregarse ao final de cada acción ou cando finalice o programa. Neste último caso realizarase a clausura e a entrega conxunta dos diplomas ás diferentes entidades participantes.

Décimo terceira. Obrigas da empresa adxudicataria

13.1 . A institución provincial ofertará os obradoiros a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executar, coordinar e avaliar o programa.

A empresa adxudicataria encargarse de proporcionar para cada obradoiro:

- O persoal docente coa titulación esixida nos pregos



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

- Un cartafol do programa que inclúa a presentación e as condicións deste, o guiión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e a copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Os materiais didácticos: folios, bolígrafo, fotocopias e calquera outro material necesario para a boa execución do obradoiro
- O equipamento específico recollido no catálogo, material necesario para desenvolver exemplos prácticos na aula e materiais básicos para a realización do curso

13.2. A empresa adxudicataria será a responsable, en coordinación e colaboración coa entidade solicitante, dos seguintes aspectos:

- Verificar que o espazo ou a aula facilitada pola entidade para realizar cada obradoiro reúne as condicións axeitadas para o seu desenvolvemento.
- Obter a relación definitiva de persoas participantes polo menos dez (10) días hábiles antes do inicio da actividade formativa, tal e como se sinala no apartado 4.8 das bases reguladoras.
- Supervisar o desenvolvemento do programa, e comunicarlles ás entidades e á Deputación, a data, a hora e o lugar de inicio de cada actividade formativa, e o remate desta, así como calquera cambio ou incidencia que afecta á súa realización

Décimo cuarta. Procedemento de concesión

14.1. O órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, e por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse mediante unha resolución da deputada delegada da área, que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

14.2. O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva. En caso de que o número de solicitudes exceda o de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

1) Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no RUEPSS como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.

2) As entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.

3) Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas nas anteriores.

4) Outras entidades non recollidas nas categorías anteriores.

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

14.3. Tendo en conta o anterior, cubriranse de forma inicial un máximo de 130 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en listaxe de agarda. No caso de que os obradoiros ofertados non se cubran, a institución provincial poderá ampliar a convocatoria inicial co obxecto de que as entidades beneficiarias poidan solicitar un segundo obradoiro.

14.4. As persoas maiores que sexan socias das entidades adxudicatarias terán preferencia na inscrición nos obradoiros. Se existisen prazas vacantes, poderán participar no programa persoas non socias, de acordo co procedemento establecido nestas bases.

14.5. Poderán beneficiarse do programa e, polo tanto, participar nos obradoiros, persoas non socias destas entidades sempre que existan prazas vacantes.

Décimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sexta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Décimo oitava. Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia



Luns, 6 de febreiro de 2023

Núm. 25

- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións
- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial

